

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A materia de Lingua Castelá e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, ao tempo que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuir á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura oríentase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate da ensinanza básica.

Os obxectivos de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obligatoria, dos que parte esta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde nesta etapa na relación continua entre pasado e presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de España e do mundo co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Os cinco obxectivos refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A continuación, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, mentres que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística do estudantado na etapa postobligatoria; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exixe nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como un manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto entre unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou do grao de autonomía que se espera do alumnado. De aí que tanto os contidos como os criterios de avaliación garden paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos das etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque e o terceiro, centrados na «Comunicación», integran todos os saberes implicados na comprensión e na expresión oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática, e vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre

textos a través da lectura en profundidade dalgúns obras relevantes da literatura española. Invita ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula, e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, ao tempo que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas que lle permitirán responder aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se deben manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CASTELÁN E AS SÚAS VARIETADES	Trataranse os seguintes contidos: - Situación lingüística de España. - O fenómeno de linguas en contacto. - A normalización lingüística.	5	5	X		
2	O TEXTO	Trataranse os seguintes contidos: -Definición de texto. -Propiedades do texto: Adecuación, Coherencia e Cohesión. -Modalidade oracional. -Funcións do lenguaje. -Tipos de texto: Narrativo, Descritivo, Dialóxico, Expositivo e Argumentativo.	10	10		X	
3	GRAMÁTICA	1º trimestre: Morfoloxía - Clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes e pronomes, verbo, adverbio, preposición e interxección. - Formación de palabras. 2º Trimestre: Sintaxe - O sintagma - A oración simple - As oracións coordinadas. - A oración subordinada substantiva.	40	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	GRAMÁTICA	3º Trimestre: Sintaxe - A oración subordinada adxectiva. - A oración subordinada adverbial.	40	40	X	X	X
4	LITERATURA	1º trimestre: Literatura da Idade Media e Prerrenacemento. 2º trimestre: Literatura do Renacemento e Barroco. 3º trimestre: Literatura do Romanticismo e do Realismo.	45	50	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CASTELÁN E AS SÚAS VARIEDADES	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	- Coñecer as linguas oficiais de España e a súa evolución histórica. - Localizar as variedades dialectais do español e recoñece as peculiaridades de cada unha.	PE	80
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	- Identificar os fenómenos que se poden dar no contacto entre linguas. - Recoñecer as interferencias lingüísticas que xurden entre o galego e o castelán.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	- Identificar usos discriminatorios da lingua. - Recoñecer os usos manipuladores da linguaxe	TI	20
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	- Empregar a linguaxe adecuada na resolución de conflitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	- Aplica a textos propios os coñecementos adquiridos sobre a relación lingüística entre o galego e o castelán.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. - Estratexias de reflexión interlingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	O TEXTO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Valorar o sentido global do texto e a relación entre as súas partes. Valorar a forma e o contido do texto. Comprender a intención do emisor, tendo en conta a situación comunicativa.		
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido global do texto e a relación entre as súas partes. Seleccionar e reter a información relevante.	PE	80
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analizar os componentes do feito comunicativo: grão de formalidade da situación, propósitos comunicativos, interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Comprender, analizar e interpretar diversos textos orais, escritos e multimodais.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Analizar críticamente os xéneros discursivos propios do ámbito social: as redes sociais e medios de comunicación.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Comprobar o sentido global do texto e a relación das súas partes.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Interpretar a intención comunicativa dos interlocutores e os seus propósitos comunicativos e as súas interpretacións de intencións.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Producir textos escritos, planificados, redactados e revisados, editados en diferentes soportes, con corrección gramatical e ortográfica, embregando a propiedade léxica.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utilizar os recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación comunicativa. Emprego de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos lexicologías.-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Buscar de xeito autónomo e seleccionar a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Analizar, valorar, reorganizar e sintetizar toda a información para a súa difusión de maneira creativa e respectuosa.		
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	Analizar de xeito crítico textos xornalísticos de diferentes ámbitos. Distinguir as novas falsas e empregar procesos de verificación de feitos.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Planificar, redactar e corrixir diversos tipos de textos propios, revisando a súa corrección gramatical e ortográfica e a súa propiedade léxica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Interpretar a intención comunicativa dos interlocutores e os seus propósitos comunicativos e as súas interpretacións de intencións.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Planificar, redactar e corrixir diversos tipos de textos propios, revisando a súa corrección gramatical e ortográfica e a súa propiedade léxica.		
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Interpretar a intención comunicativa dos interlocutores e os seus propósitos comunicativos e as súas interpretacións de intencións.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Coñecer as estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais e multimodais de diferentes ámbitos.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Buscar de xeito autónomo e seleccionar a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Analizar, valorar e reorganizar a información en esquemas propios e a súa transformación en coñecemento.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Reorganizar e sintetizar a información, comunicar e difundir a información reelaborada de maneira creativa e respectuosa. Adecuar os elementos comunicativos e trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal e informal.	TI	20
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Planificar, elaborar e revisar producións empregando as propiedades textuais, conectores, marcadores discursivos e procedementos léxico-semánticos e gramaticais, así como outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	GRAMÁTICA	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñecer os usos e valores das categorías gramaticais así como as funcións sintácticas na oración simple e composta. Incorporar estes coñecementos aos textos propios.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar nos textos propios os coñecementos morfolóxicos e sintácticos adquiridos, valorando positivamente o uso correcto da lingua.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Analizar e explicar os trazos formais de enunciados nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mellorar a comprensión lectora aplicando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñecer e empregar correctamente os elementos lingüísticos para mellorar a comprensión oral e escrita		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexionar sobre o uso da lingua para conseguir unha correcta expresión oral e escrita.	TI	20
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Analizar a expresión oral e escrita valorando a corrección gramatical e ortográfica. .		
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Realizar traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais. - Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade. - Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	LITERATURA	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global do texto e establecer a relación entre as súas partes. Seleccionar e reter a información relevante. Valorar a intención do emisor e a forma e contido do texto.	PE	75
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Valorar a forma e o contido das obras elixidas da literatura contemporánea, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos empregados.		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Expresar argumentadamente a interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atender aos seus valores culturais, éticos e estéticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analizar elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Utilizar información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras. Establecer vínculos intertextuais entre as obras e manifestacións artísticas en función de temas, estruturas e linguaxes.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos de intención literaria a partir dunha escolta de obras. Establecer vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas.		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Valorar o sentido global do texto e relación entre as súas partes. Valorar a forma e o contido do texto. Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Empregar a información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.		
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Producir textos orais formas: Planificar e buscar información, textualización e revisión. Adecuar a audiencia e o tempo de exposición. Empregar rasgos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.

Contidos

- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia, utilizaremos as seguintes pautas metodolóxicas:

- Repasaremos os coñecementos mínimos do nivel morfosintáctico que os alumnos procedentes de ESO deben ter ao comezar esta etapa.
- Alternaremos a explicación dos contidos coa realización de actividades prácticas como a análise de textos orais espontáneos ou non, e de textos escritos.
- Realizaremos comentarios críticos de textos expositivos e argumentativos aplicando os coñecementos adquiridos en teoría da comunicación (o proceso comunicativo, os sistemas de signos empregados, os procedementos de comunicación, os elementos que interveñen...).
- Comentaremos textos literarios onde os alumnos deberán distinguir os distintos tipos de variedades (xéneros e subxéneros) e as características.
- Repasaranse as clases de palabras e se estudarán de forma descritiva, aplicando os coñecementos á análise das categorías gramaticais e ao recoñecemento e clasificación en exercicios e en textos.
- Analizaranse os constituíntes inmediatos da oración de forma illada, en exercicios e en textos.
- Serán analizados e clasificados períodos oracionais simples (segundo o MODUM e o DICTUM), distinguindo as unidades da lingua (palabras, sintagmas), e as súas funcións dentro da oración, para contribuír ao coñecemento da lingua como sistema de signos combinados estruturalmente e mellorar a expresión oral e escrita dos alumnos.
- Analizaranse e clasificaranse oracións compostas illadas ou partindo de textos.
- Os alumnos realizarán procura de datos empregando as novas tecnoloxías da información e practicarán o tratamento informático de textos.
- Traballaremos a técnica do comentario de textos literarios aplicada a textos representativos do programa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Libro de texto e apuntamentos. Obras de lectura.

O libro de texto utilizado será Lengua castellana y Literatura 1º de Bachillerato, da editorial Casals. Utilizaranse, ademais, outros materiais complementarios cando o profesor o estime oportuno. Entre eles, antoloxías de textos literarios en papel e audiovisuais, textos dos medios de comunicación ou ensaísticos, fichas bibliográficas, vídeos, dicionarios, así como a obra de lectura obrigatoria seleccionada para cada avaliación. En cada avaliación propoñerase unha obra de lectura obrigatoria. Ademais, o profesor poderá seleccionar outra lectura voluntaria para cada trimestre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial enténdese como inicio do proceso educativo e ten funcións como:

- Permite definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias e necesidades.
- Define a intervención educativa que se desenvolverá co alumnado.
- Concreta as estratexias de aprendizaxe que o alumno utiliza, permitindo estratexias de ensino máis eficaces.
- Convértese nun referente para contrastar os avances obtidos ao longo do curso.

Así, na primeira quincena do curso realizarase unha proba de avaliación inicial na que se recolla información completa e pertinente sobre o alumnado: intereses, estilo de aprendizaxe, grao de adquisición das competencias claves, grao de desenvolvemento curricular adquirido. Esta proba terá elementos como os seguintes:

- probas de comprensión textual: o alumno deberá responder por escrito a unha serie de preguntas de dificultade variada sobre os contidos lidos.
- probas de expresión oral: o alumno deberá resumir brevemente e en voz alta o texto que acaba de ler e facelo coas súas propias palabras, cun vocabulario correcto e unha boa organización do exposto.
- probas de contidos gramaticais: ortografía, clases de palabras, sintaxe.
- probas de contidos literarios: xéneros literarios, recursos retóricos, versos e estrofas, movementos literarios.
- Incluiremos algunha redacción para detectar as dificultades na elaboración de textos e na disposición das súas partes estruturais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	40	45	100
Proba escrita	80	80	80	75	78
Táboa de indicadores	20	20	20	25	22

Criterios de cualificación:

A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Ponderarán un 80% da nota da avaliación. Realizarase como mínimo unha proba escrita en cada avaliación que abrangue os contidos traballados. No caso de facer máis dun exame, establecerase a nota media de ambas probas.

OBSERVACIÓN DIRECTA: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, a actitude, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos, etc.: 10%
Neste apartado terase en conta que a actitude do alumno se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LIBRO DE LECTURA: Destinarase un 10% da cualificación á lectura, axeitada asimilación e aproveitamento dunha obra literaria.

LECTURAS VOLUNTARIAS: O profesor proporá unha lectura voluntaria por trimestre que pode sumar ata 0.5 puntos á cualificación final da avaliación, sexa esta aprobada ou suspensa. O obxectivo desta medida é potenciar o hábito de lectura entre os alumnos e fomentar a súa aproximación a todo tipo de xéneros. Por iso, calquera alumno, independente dos resultados obtidos no resto da probas realizadas durante o trimestre, poderá realizar esta actividade. Polo mesmo motivo, tampouco será obrigatorio que a lectura elixida polo docente posúa, necesariamente, carácter literario.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA E PRESENTACIÓN: Descontarase 0,1 puntos por cada til incorrecto e 0.25 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos. As incorreccións ortográficas repetidas penalizan como únicas. Tamén se terá en conta a presentación (limpeza, sangría, marxe...), coherencia e expresión empregada nas probas escritas podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima que se establece como aprobado será un 5, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes.

NOTA FINAL DE XUÑO: Será a media aritmética das tres avaliacións.

O Departamento determina, para todos os niveis, que haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando, durante os exames ou en calquera outra proba avaliable, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba. Nesta circunstancia a cualificación será un 0. O plaxio na elaboración de traballos terá a mesma penalización. Tamén se recomenda que non empreguen bolígrafos borrables.

Criterios de recuperación:

Ao final de curso, os alumnos que non acaden o 5 como nota media, deberán facer a recuperación das avaliacións suspensas. No caso de non ter superado ninguna delas, terán que presentarse a un exame global de todo o curso.

Tanto nas probas de recuperación de xuño como na avaliación extraordinaria, só se terá en conta o exame realizado e non se incluírá ningunha obra de lectura.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1º de Bacharelato, como curso que inicia unha nova etapa educativa, non existen materias pendentes do curso anterior.

Os alumnos de 2º de Bacharelato que teñen pendente a materia de 1º curso realizarán unha proba escrita en cada avaliación. Se nestes exames non acadan unha nota media de 5 ou superior, poderán recuperar as partes suspensas na proba final de xuño para obter unha cualificación positiva na avaliación ordinaria.

A proba da avaliación extraordinaria será a mesma para todos os alumnos que cursen Lingua Castelá e Literatura I.

O seguimento do alumnado coa materia pendente corresponde ao profesor do curso (en coordinación co Xefe de Departamento) que se encargará de propoñer actividades de reforzo, resolver dúbidas e avaliar ao alumno.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

A materia de lingua castelá e literatura é obrigatoria en todos os cursos, polo que o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria implica a acreditación de coñecementos previos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe abordarse mediante estratexias orientadas a proporcionar a posibilidade de ofrecer diferentes niveis de actuación co alumno, tanto no que se refire a contidos que requiren un esforzo, como ós que son susceptibles de ampliación.

Estas actividades tratan de proporcionar material para que o profesor adopte as medidas oportunas no momento adecuado. Así, por exemplo, propóñense actividades de ortografía que lembran conceptos xa aprendidos en cursos anteriores, de maneira que aqueles alumnos que requiran un esforzo nese contido poidan realizalas. Tamén se indican actividades que amplían os contidos que se están a traballar.

Neste sentido, non só se contempla a aqueles alumnos que presentan problemas na aprendizaxe, senón tamén a aqueles outros que poidan estar en condicións de afondar no estudo dos contidos.

Nas Actividades programadas inclúiranse materiais con propostas concretas de reforzo e ampliación de contidos, así como guías de lectura e textos que teñen como obxectivo atender á diversidade de gustos e intereses dos alumnos.

Procurouse ter en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno na aula. Así mesmo, tamén se considerou a idea de que cada profesor debe orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que se poden dar entre os alumnos. Nesta Programación contémplanse os recursos básicos para que cada profesor poida desenvolver diferentes estratexias de ensinanza coa fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos en función das súas necesidades concretas. A modo de exemplo podemos salientar as seguintes:

- Actividades de comprensión textual ou de síntese das grandes ideas de cada Unidade, para así reter os conceptos clave e aprender a interpretar convenientemente os fenómenos lingüísticos e literarios estudados.
- Actividades de repaso e consolidación das grandes habilidades procedimentais básicas. Inclúen prácticas para un óptimo desenvolvemento das competencias oral e escrita.
- Métodos de traballo intelectual coma a realización de resumos ou esquemas ou a consulta de fontes de información tradicionais ou informatizadas que teñen como obxectivo desenvolver de forma gradual e con diferentes niveis de complexidade os contidos procedimentais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X

Observacións:

A comprensión e expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación son parte integrante da materia e centran moitos dos estándares de aprendizaxe.

O fomento da creatividade e a formación estética relaciónanse cos traballos do alumnado, que favorecerán a súa autonomía e iniciativa persoal.

A educación emocional e en valores, así como a educación para a saúde traballárase a partir das interaccións do alumnado na aula, de debates e coloquios, da reflexión sobre a utilización discriminatoria da lingua, así como mediante lecturas seleccionadas.

A lingua amósase como o mellor xeito de resolver os conflitos de xeito pacífico e fomentárase unha comunicación libre de prexuízos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia á representación dunha obra teatral	Procurárase seleccionar unha obra teatral relacionada co período literario que corresponde a este nivel educativo.		X	
Encontro con escritores	Se é posible organizárase un encontro cun autor relevante da literatura contemporánea.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da actividade da aula á planificación da programación didáctica
Aplicación do concepto de avaliación continua na dinámica diaria da aula

Metodoloxía empregada
Presentación da información ao alumnado
Deseño e aplicación das actividades de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización da clase e recursos e materiais do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e necesidades específicas de apoio educativo
Outros
Avaliación da práctica docente

Descrición:

Os indicadores de logro concíbense como un instrumento que permite a reflexión continua e a avaliación sobre a propia práctica docente. Propóñense os seguintes:

a) Adecuación da actividade da aula á planificación da programación didáctica:

- A actividade da aula é coherente coa programación didáctica.
- Organízanse actividades que favorezan a interacción e participación do alumnado no proceso de aprendizaxe e con conexión coa vida cotiá do alumno.
- Utilización de recursos variados.
- As actividades favorecen a reflexión, comunicación e investigación, combinando o traballo individual e grupal.

b) Presentación da información ao alumnado:

- A información preséntase con claridade e mediante o uso de variedade de recursos: audiovisuais, ordenadores, biblioteca.
- A información vai orientada á transmisión de coñecementos e á proposta de actividades que consoliden destrezas e favorezan a resolución de problemas.
- A metodoloxía favorece a interacción docente-alumno, a relación entre o alumnado, e a implicación de todo o grupo.
- A metodoloxía utilizada para presentar a información é coherente co establecido nesta programación.

c) Organización da clase e recursos e materiais do alumnado:

- Faise uso de distintas formas de agrupamento do alumnado en función da aprendizaxe en cuestión.
- Os materiais e recursos empregados son acordes ao nivel e idade do alumnado.

d) Deseño e aplicación das actividades de aprendizaxe:

- As actividades propostas permiten o desenvolvemento de destrezas de distinto tipo
- Aplícanse actividades globais nas que o alumnado pon en práctica o aprendido de forma máis analítica.
- A secuenciación de actividades é coherente e responde aos coñecementos do alumnado.
- Prográmanse actividades nas que se traballan as Competencias clave.

e) Atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e necesidades específicas de apoio educativo:

- Detéctanse as dificultades do alumnado con aprendizaxes básicas non adquiridas.
- As actividades poden responder á diversidade de alumnado presente nas aulas.
- Préstase una atención individualizada ao alumnado con adaptacións curriculares.

f) Aplicación do concepto de avaliación continua na dinámica diaria da aula:

- Valoración das actividades diarias do alumnado.
- A avaliación das actividades contribúe á reflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación son pertinentes, suficientes e variados.
- Non se producen discordancias entre a situación de aprendizaxe e as situacións de avaliación.

Finalmente, terase en conta como indicador de logro para a avaliación da práctica docente:

- Porcentaxes de aprobados e suspensos.
- Desenvolvemento da programación.
- Grao de consecución no alumnado das competencias clave.

- Grao de consecución dos obxectivos da materia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica enténdese como un documento aberto que debe ser avaliado periódicamente e, se así procede, modificado, en orde a unha mellora continua. Para avaliar e, se é o caso, modificar esta programación didáctica utilizaranse os seguintes indicadores:

- Adecuación dos contidos e dos estándares de aprendizaxe.
- Grao de consecución das competencias clave.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización.
- Grao de cumprimento da temporalización.
- Adecuación dos materiais didácticos.
- Adecuación das actividades.
- Adecuación dos procedementos de avaliación.
- Adecuación dos criterios de cualificación.

Procesos de mellora

Nas reunións do departamento analizaráanse aqueles aspectos susceptibles de mellorar ou que sexa necesario modificar. Posteriormente, recolleranse na memoria anual e teránse en conta á hora de elaborar a programación didáctica para o curso seguinte.

9. Outros apartados